

CONCELLO DE MELIDE

SEPARATA N. 09



ÍNDICE

1.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	1
2.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	4
2.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA.....	4
2.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO.....	5
3.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL	5
4.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO	6
5.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	7
6.	ANEXO FOTOGRÁFICO	8
7.	ANEXO PLANOS	12

1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

O camiño entra no termo municipal de Melide cruzando unha ponte sobre o río Furelos (ponte da Pedra), pasa por San Salvador de Abeancos, onde se conservan restos de calzada, sigue por Compostela e polo ponte de Mera (o de Lamela segundo E. Ferreira) chega á freguesía de Santa María dos Anxos, e de aquí, finalmente, a Melide.

Madoz sitúa a San Salvador de Abeancos “sobre o camiño que de Santiago a Lugo pasa por Melide e ao NE desta vila en terreo chan e pantanoso”, e engade: “O indicado camiño de Santiago pasa de O. a E., é malo e peor coidado, sobre o Mera ten unha ponte de pouca resistencia”. Esta freguesía, segundo o mesmo autor, comprendía, entre outras, a aldea de Compostela¹.

A primeira referencia que temos de Abeancos procede do dubidoso testamento de Odoario do ano 747, ao que xa temos feita mención, no que se di. “...*In aviancos Villa Salamini...*”. A segunda mención atópase na doazón que Afonso o Casto concede á igrexa de Oviedo, un documento interpolado e tamén cuestionado. A terceira, atópase nun documento de Afonso III no que pode lerse: “...*In Aviancos Castrum Salamiri integrum...*”². Tamén, na doazón que no ano 998 fai o bispo de Lugo, D. Paio, a súa igrexa de varias vilas e igrexas, aparecen estas ubicadas na terra de *Aviancos*³. En documentos posteriores séguese falando da terra de Abeancos como marco xeográfico referencial onde se asentan lugares e vilas, como poderemos observar no caso de Melide.

É tamén Madoz o que nos informa, que pola freguesía de Santa María dos Anxos e o seu lugar do Forte pasa o camiño real que de Melide se dirixe a Lugo. Ata o s. XVI era coñecida esta parroquia como Santa María de Malos, despois como Angeles de Boente e hoxe, Anxos de Melide⁴.

O *camino qui venit de Oveto* como se denomina nun documento de Sobrado de 1204⁵, uníase co Camiño Francés (E-W) no lugar en que se ubicaba a Igrexa de San Pedro e a moi pouca distancia da porta que daba acceso ao interior do “Burgo Novo” de Melide por onde discorría o propio Camiño, o que viña a remarcar a importancia estratéxica deste espazo oriental que precedía á vila melidense⁶.

A primeira mención de Melide a atopamos nun documento sen data (s. XI-XII) do mosteiro de Sobrado. Se trata da confirmación dos termos do “comiso” de Sobrado, efectuado polo rei Ordoño o rei Ramiro e a nai deles a raíña Teresa, *et inde a Boenti, et inde ad Melide, et inde ad rivulo de Varazon...*⁷.

O Burgo de Melide posiblemente nace, como outros burgos xacobeos, en función do camiño de Santiago e respondía á necesidade de fixar sobre o territorio esta ruta. A súa estrutura urbana responde á dun pobo rúa, que é perfectamente visible na actualidade e tamén nos documentos medievais.

En 1156 Mendo Rodríguez e a súa esposa doan ao abade Exidio, ao prior Pedro e a todo o convento de Sobrado unha media casa en vila Melide. Neste documento descríbese así o emprazamento da casa: *iacet illa secus caminum de una parte est casa Petri Iohannes et de alia casa de Froila Ordoniz atque Iohanne Odoariz*⁸, poñendo de manifesto esa estrutura de pobo rúa á que nos referimos.

Na vila se fai con un importante número de propiedades o mosteiro cisterciense de Sobrado dos monxes. O mosteiro experimenta unha expansión do seu dominio a partir de 1142 e ata 1220 en que se estabiliza asentándose fundamentalmente no mundo rural pero tamén nas cidades que servirán de canal de saída para os produtos do campo. Sobrado está presente nos núcleos urbanos da costa –Burgo de Faro, A Coruña e Betanzos_ e nos Burgos e cidades do Camiño de Santiago _Santiago, Arzúa, Melide, Leboreiro, Palas, Portomarín-, en Galicia e - Vilafranca e Molinaseca- no Bierzo.

A atracción exercida por Melide, debe relacionarse, por unha parte, co feito de que sexa este, durante os séculos centrais da Idade Media, uno dos centros máis atractivos no tramo galego do camiño de Santiago e, por outra, coa proximidade do núcleo máis importante do dominio de Sobrado, que fai que Melide, onde o mosteiro tiña o seu propio “cellerario”, cumpra ese papel de centro canalizador de rendas. Sobrado adquire propiedades en Melide a través de doazóns e compras, e o que adquire principalmente son casas edificadas ou solares “prazas” para edificar sitas na súa maior parte no Camiño -“secus caminum”, “in camino que venit de Oveto”...⁹.

Entre os anos 1164 e 1206, Sobrado compra participacións en trece casas dentro do burgo de Melide e unha serie de solares non edificadas. O número das propiedades adquiridas xunto á mención dunha casa grande “domus magna”¹⁰, da súa propiedade, poñen de manifesto a importante participación de Sobrado na vida deste Burgo.

As referencias son moitas. En 1165, Pelagius Veremudi vende ao mosteiro o quiñón que ten na casa que Sobrado fixo na vila de Melide *secus caminum*¹¹. O 21 de maio de 1186 o prior D. Pedro del Hospital, cambia ao abade de Sobrado as heredades de Rovordelo, Soline e San Tirso de Montemalo, por unha media casa e a metade dun molino *in burgo de Melide* que Sobrado tiña de San Pedro e de Elvira Pelagi¹². Tres anos despois Sobrado compra outra casa no *burgo de Melide*¹³.

A construción de novas casas evidencian que Melide era un burgo en crecemento e que Sobrado participaba activamente nel. Este crecemento ponse en evidencia tamén coa fundación por parte de Afonso IX dunha nova poboación en 1213 *in villa de Melide, quam modo de novo populamus in Castro*¹⁴, fundación da que tamén nos fala Lucas de Tui no seu *Chronicom Mundi*¹⁵.

Taboada Roca precisa o lugar no que estaba emplazado Melide antes do seu traslado ao castro: “Podemos precisar o primeiro lugar en que estivo emprazado Melide por unha escritura outorgada no ano de 1628 a favor de Don Pedro de Segade, -en que lle aforan o prado do Burgo

¹ Madoz, Vol. I, p.3.

² Risco, *España sagrada*, T. 40, p. 381.

³ 141 Risco, *España Sagrada*, T. 40, p. 404.

⁴ Madoz, *Diccionario Geográfico*, T. I, pp. 47-48.

⁵ ...*Plaza en Milide... et iacet in camino qui venit de Oveto.*, T. Sobrado, II, nº 146.

⁶ D. Chao Castro, “La desaparecida iglesia parroquial de San Pedro de Melide: aproximación históricoartística”, *Ruta cicloturística del Románico internacional*, Pontevedra 2008, p. 267.

⁷ T. Sobrado, I, nº 113.

⁸ T. Sobrado, II, nº 123.

⁹ T. Sobrado, nº 123, 125, 126, 129, 146, etc.

¹⁰ 148 En 1205, Pedro Muñiz y su esposa venden al cellerario de Sobrado y a todos los monjes la cuarta parte de una casa y plaza que está *in burgo de Melide et iacet ipsa plaza super domum magnam de Superaddo...*, T. Sobrado, II, nº 140.

¹¹ T. Sobrado, II, nº 125

¹² T. Sobrado, I, nº 209.

¹³ T. Sobrado, II, nº 142.

¹⁴ Alfonso IX, nº289.

¹⁵ Ob. cit. p. 412.

Vello que estaba a carón do río que sal da Fonte de Castro xunto o camiño que ven a vila pol-os Tabarros. Despois do traslado de Melide, dende o Burgo Vello, ergueuse n-este o Castelo, e non lonxe d'el e na parte máis outa, fixose a eirexa de S. Pedro. Acarón do derradeiro edificio pasaba o Camiño de Sant Iago, i-as súas beiras fóronse enchendo de casas pouco á pouco, deica chegar perto do monte do Castelo¹⁶.

A vila foi de reguengo ata o ano 1214, e pertencía ao condado de Abeancos como sinala o documento de Sobrado de 1156 ao que xa fixemos referencia: *in villa Melide... et est territorio de Aviancos*. Coñecemos a comezos do s. XI, en 1007, a sentenza dun preito que subscribe como primeira testemuña Afonso V, coa que se pon fin aos enfrontamentos entre os condes de Abeancos e o bispo de Santiago polos límites deste condado e os de Cornado e Bembexo que foran doados á Igrexa de Santiago polos reis Ordoño e Sancho respectivamente¹⁷.

O 8 de setembro de 1214, estando o rei Afonso IX en Santiago concede o reguengo da vila e da terra de Abeancos á Igrexa de Santiago: *...terra de Aviancos, cum ómnibus regalengis suis et nominatum, cum Garantes... et cum monasterio de sancti Antonini, et cum populacione de Milidi cum pertenencias suis per suos terminus et divisiones antiquas.... Hanc supradictam terram cum ómnibus directuris suis et cum omni iure regio tam in temporalibus quam in ecclesiis, sicut umquam melius parata fuit a morte Imperatoris usque modo, concedo in predicto concambio Deo et Beato Jacobo et vobis, domne Petre quarte archiepiscopo*, e aos seus sucesores para que posúan a perpetuidade. A cambio recibe da Igrexa de Santiago o castelo de San Xurxo (castro Sancti Iurgii) do monte Pindo, en terra de Carnota, cuxa terra e castelo fora concedido en 1028 a Santiago por Vermudo III e a súa nai a raíña Urraca¹⁸. En 1127 Afonso VII vólvenllo a conceder¹⁹, e Afonso IX que parece habelo recuperado se llo volven a cambiar en 1209 polo que a Igrexa posuía en Atalaya de Pelayo²⁰, en Cáceres. Ao parecer a decisión última de Alfoso IX de cambiar a terra de Abeancos a Santiago por este castelo debíase a que durante estes anos o castelo de S. Xurxo lle fose hostil ao arcebispo²¹.

As boas relacións de Afonso IX coas institucións eclesiásticas galegas é un feito comprobado, e Sobrado estaba entre as beneficiadas. Por isto, un ano antes de conceder o reguengo de Melide á Igrexa de Santiago, é dicir en 1213, confirma á enfermería do mosteiro de Sobrado a décima parte de todas as rendas reais da vila que o monarca poboara de novo no Castro, *quam modo de novo populamus in Castro*, segundo as tiñan antes *quando burgum de Milide erat populatum*²².

A vila convertida nun importante centro mercantil na Idade Media, atopábase guarnecida por unha fortaleza, Torre de Melide²³, e, como outras, non foi allea aos desmáns e abusos por parte da nobreza laica. A protección da vila e os seus habitantes facíase necesaria. Por isto, no ano 1316, o arcebispo D. Rodrigo de Padrón dera en tenencia a Fernán Fernández de Aveancos e a Teresa Sánchez a vila de Melide, por unha renda de mil marabedís de ouro, coa condición de cercar de muro bo, como o que estaba comezado, a vila e o castelo e facer nel unha torre de tres

sobrados²⁴. A obra non debeu de culminarse, porque o novo arcebispo de Santiago, D. Berenguel, señor da vila, expón as súas queixas ante Afonso XI. O monarca receptivo ante a evidencia accede aos desexos do arcebispo e, o 13 de xullo de 1320, concede ao concello e xustizas da vila o castelaxe de todas as bestas e mercancías que pasen pola vila, tal como o pagan en Triacastela e Sarria, durante seis anos, para empregar a contía na construción dunha muralla, posto que os habitantes de Melide recibían moitos males de cabaleiros, escudeiros e outros poderosos ao non estar a vila cercada:

*Don Afonso (XI), por la graça de Dios rey de castiella, de León, ...al concejo e a las justicias de Melide... sepades que don frey Beringuel, arzobispo de Santiago, ...mostro a mi e a la reina dona Maria, mi avuela e mi tutora, en como recebiades e recebedes muchos males e daños e robos de cavalleros e escuderos e de otros poderosos porque la dicha villa non es cercada e que me pedia por merced que vos mandase tomar la castellage por algun tiempo para cercar la dicha villa. Et yo... mandovos que tomedes la castellage del día de santa Maria de agosto primera que viene fasta seis años complidos... para cercar la dicha villa... segunt que la toman en Triacastela e en Sarria*²⁵.

Coñecemos de maneira indirecta a existencia dunha fortaleza, a de Grobas, no límite da Terra de Santiago polo Este, localizada na freguesía do mesmo nome, en Melide, as beiras do río Iso, que delimitaba a xurisdición compostelán desde o privilexio acoutador da reina Urraca ao arcebispo Xelmírez. E a Torre ou fortaleza de Melide.

Respecto á primeira, a de Grovas, fora levantada polo conde Munio no límite da terra de Santiago. Na Historia Compostelana se nos conta como o prelado compostelán, recibe o encargo da raíña Urraca e do seu fillo de destruír esta fortaleza²⁶, e faino, para atender a demanda da raíña e defender os seus intereses, posto que a fortaleza resultaba ameazadora para o señorío de Santiago, non solo polos atropelos que desde alí puidéranse cometer contra a Igrexa de Santiago e o seu dominio, senón tamén como escarmento exemplar para todos aqueles cabaleiros que se atreveran a desafiar a preponderancia episcopal. A Crónica de don Berenguel de Landoira relátanos como Xelmírez e os seus hostes derriban a fortaleza²⁷.

A finais do XIV, D. Xuán García Manrique, como un novo Xelmírez, retirou a Gonzalo Ozores de Ulloa, a propiedade da fortaleza xunto coa terraria das freguesías cercanas pertencentes á Igrexa de Santiago, por certos “deservicios” cometidos polo citado cabaleiro. A fortaleza fora probablemente construída con permiso arcebispal nas terras concedidas en préstamo a este liñaxe, o dos Ulloa. O arcebispo permitía a propiedade dunha fortaleza no amplísimo coto xurisdiccional da Igrexa de Santiago, aínda que non sempre era requirida a supervisión catedralicia para a construción dun castelo. En 1402, o arcebispo D. Lope de Mendoza considerando que a acción do seu predecesor se debiera a “malquerías, odios y rancores”, devolveu a fortaleza aos Ulloa²⁸.

A fortaleza de Melide, como outras do territorio galego, desapareceu no s. XV. Primeiro foi derrocada pola revolta Irmandiña (1466-1469), e, despois, permaneceu derruída pola eficiente labor dos delegados dos Reis Católicos en Galicia que impediron a súa reconstrución. O

¹⁶ A. Taboada Roca, “Notas Históricas”, *Terra de Melide*, Santiago, 1933, p. 143, nota 3.

¹⁷ Tumbo A, nº 59.

¹⁸ Tumbo A, nº 66

¹⁹ Tumbo A nº 98, 99.

²⁰ *Tumbo A de la Catedral de Santiago*, Estudio y ed. De M. Lucas Alvarez, Santiago 1989, doc. nº146, (en adelante Tumbo A).

²¹ Tumbo A, nº 157.

²² T. Sobrado II, nº 122 (1213, abril, 4).

²³ Marta González Vázquez, p. 184

²⁴ López Ferreiro, Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela, Santiago 1930, Tomo VI, p. 31.

²⁵ A. C. S., Tbo. B.; X. Carro, E. Camps, X.R. Fernández Oxea, “arqueología religiosa de Melide”, en VV.AA., *Terra de Melide*, 1933 (facs. Sada, 1978), p. 321-322.

²⁶ M. C. Pallares, E. Portela Silva, *La reina Urraca*, San Sebastián 2006, p. 132.

²⁷ *Hechos de don Berenguer de Landoira, arzobispo. Introducción, edición crítica y traducción*, Santiago, 1993, pp. 51-53.

²⁸ 1402, 05, 15 y 16, A. H. D. S., Leg. 45, doc. 45. Véase M. González Vazquez, pp. 195-206.

interrogatorio do Preito Tavera-Fonseca de 1526²⁹, unha das fontes principais para coñecer os feitos e circunstancias que tiveron lugar en Galicia durante o último terzo do século XV, apórtanos unha información valiosísima sobre a fortaleza e castelo de Melide, así como da propia vila, a través das respostas de diferentes testemuñas. Examinemos, polo tanto, algún destes testemuños.

Un das testemuñas interrogadas responde que facía aproximadamente sesenta anos que veu en Melide unha media torre que debeu ser enteira, e, despois, pasados catro ou cinco anos, uns cinco mil homes foron sobre a vila e torre de Melide e a derribaron toda³⁰. Pola súa parte, Fray Bartolomé, frade de Santa María a Nova de Santiago e testemuña como o anterior por parte do arcebispo Tavera declara, que a fortaleza “era una bara de casa que no tenía ençinto ni era almenada ni tenía guirnalda, salvo que era alta e labrada de piedra de grano y dize el testigo que la dicha torre y la çerca de la villa de Mellide la derrocaran y oyo decir que Sancho de Ulloa que eran de la casa de Villamayor”³¹.

Xoán de Melide, escudeiro e veciño desta vila declara que o xa coñecido a fortaleza de Melide derrocada e que oíu dicir que a derrocara, e que logo veu que o conde D. Sancho de Ulloa tomarana xunto coa vila e a súa terra contra a vontade do arcebispo de Santiago e reedificara a fortaleza cun “encinto de piedra menuda e de dentro de madera cubierta de colmo”, que logo viñera o Correxedor do rei D. Enrique IV e o obrigara a entregarlle; despois que viñera á dita vila Luís de Acevedo, irmán de Fonseca, tomando a vila e destruíndoa³². Outra testemuña, por parte de Fonseca, expresase en termos semellantes engadindo que dita fortaleza era necesaria á santa Igrexa de Santiago porque desde alí defendía toda a terra de Melide e os seus arredores e por “muchos adversarios que ay sobre la jurisdicción de la villa de Mellid especialmente los merinos del conde de Altamira y el conde D. Fernando que al tiempo no querian que biniesen al dicho juzgado de Mellid”³³.

A testemuña dun labrador, veciño da freguesía de San Pedro de Macenda, descríbenos con maior detalle as características da fortaleza, e, aínda que non estivo dentro dela, veu unha bara de casa moi alta que estaba cuberta por enriba e almenada arredor, que tiña unha cerca que cercaba todo o castro de dita fortaleza, onde caberían 100 cabalos, que a dita cerca era ancha e que a dita bara de casa tiña catro esquinas de pedra de gra e as portas e ventas de pedra miúda como o cerco que era tamén de pedra miúda. A testemuña engade, que veu como a estaban derrocando o Señor de Mexia e o Conde de Trastamara e que caeran dela dous esquinas, sendo arcebispo de Santiago D. Rodrigo, resaltando que era necesaria ao arcebispo por “tener los adversarios que tiene alrededor de si especialmente las diez y ocho feligresias del Camino françes donde la dicha fortaleza esta sita e para defendellas e la jurdiçion de la dicha villa”³⁴.

Para finalizar, mencionaremos a declaración dun veciño de Melide que di ter visto como a pedra do castelo da vila de Melide foi levada para o mosteiro de Sancti Spiritus de Melide que o

conde D. Sancho mandaba facer en dita vila e que lla cedera o arcebispo D. Afonso de Fonseca³⁵. As obras en dito mosteiro realizáronse, ao parecer, en 1498³⁶.

Coa construción do muro, o aspecto de Melide debeu de experimentar un profundo cambio. A partir de agora, os peregrinos que se dirixían a Santiago se atoparían con unha vila amurallada, permanecendo así polo menos ata finais da Idade Media. Os peregrinos que viñan de Oviedo accedían agora á vila pola porta “que chaman do camiño dovedo”, ante a cal, fora da vila, o notario Fernán López, funda o Hospital de Sancti Spiritus, en 1375³⁷.

Á entrada da vila conservábase ata a década dos anos coarenta do s. XX a igrexa románica de San Pedro³⁸, en pleno camiño de Santiago. Aínda que a igrexa foi demolida, algúns dos seus elementos artísticos máis destacados, a portada lateral baixomedieval, foron trasladados á nova igrexa de San Roque levantada cara 1950 no campo do mesmo nome, situado entón nunha zona periférica da vila³⁹.

Descoñecemos a data fundacional da igrexa de S. Pedro de Melide. A primeira referencia documental coñecida é do ano 1285, momento en que o bispo de Lugo reclama ao de Mondoñedo unha serie de igrexas de Abeancos entre as que se atopaba esta. Sen embargo, é posible que a súa orixe se remontara cando menos ao século XII ou comezos do XIII, cando Melide se amplía coa creación do Burgo Novo. O edificio eclesial estaba ubicado extramuros do Burgo, pero a moi pouca distancia da porta que daba acceso ao interior do “Burgo Novo” de Melide por onde percorría o propio Camiño. A igrexa funcionou como parroquial da vila ata despois da Desamortización, cando en 1842 se converte en parroquial, pola súa maior capacidade, a igrexa do convento de “Sancti Spiritus”. Como tal igrexa parroquial contaba con un cemiterio arredor que se mantivo en uso ata mediados do s. XIX⁴⁰.

Á súa saída, pola rúa principal da vila en dirección a Santiago, deixando á esquerda o castelo do Castro e a un km. aproximadamente, se pasaba xunto á Igrexa de Santa María. Un documento de Sobrado do ano 1165 o describe con toda claridad: *...Ipsa villa de Milidi... iusta ipsa astrata que vadit ad Sancti Iacobi, concurrente ad aulam sancte Marie de Milide sub ipso castro iacet*⁴¹. Para o s. XIV nos consta tamén a presenza do convento de Sancti Spiritus da Terceira Orden de San Francisco.

Descoñecese a orixe e fundación deste convento franciscano que nun principio estivo xunto á igrexa de San Pedro. O que se sabe é que no ano 1363 xa existía, pois, en dito ano, Alvaro Díaz de Deza, morador en Moredo, dona á Comunidade de Sancti Spíritus o que tiña no lugar de Vilamar a condición de obter sepultura na igrexa, fronte ao crucifixo. Posteriormente, en 1372, o notario de Melide, Fernán López e a súa muller doan aos frades dúas casas coas súas hortas e terreo para edificar o Convento no lugar que despois estivo. Os mesmos donantes, tres anos despois na carta de concesión dun hospital que eles mesmos fundaran esixen, entre outras cosas, que o Procurador da Orde debería de celebrar misa todos os días no Convento *por la*

²⁹ En 1524 tomaba posesión da sede toledana Don Alonso de Fonseca y Ulloa, deixando vacante a de Santiago que foi ocupada este mesmo ano por D. Juan Tabera. O novo prelado compostelano demanda a Fonseca que faga de novo e reedifícase algunhas fortalezas e casas fortes que a mesa arzobispal tiña en Galicia e fóra desta terra, xa que os danos se produciran durante o pontificado do propio Alonso de Fonseca. As discrepancias entre ambos, desemboca neste famoso preito.

³⁰ A. Rodríguez González, Las fortalezas de la mitra compostelana y los “irmandiños”, la Coruña 1984, vol. I, p. 55.

³¹ *Ibidem*, p. 58.

³² *Ibidem*, p.118.

³³ *Ibidem*, pp. 121-122.

³⁴ *Ibidem*, pp. 123-124.

³⁵ *Ibidem.*, pp. 130-131.

³⁶ J. Carro, E. Camps y J. R. F. Ojea, “Arqueología religiosa de Mellid”, *Terra de Melide*, p. 286.

³⁷ “ Arqueología religiosa de Mellid”, p. 292.

³⁸ López Ferreiro, *Historia de la Iglesia de Santiago*, T. VII, p. 71.

³⁹ Las peregrinaciones a Santiago de Compostela, Tomo II, p.345.

⁴⁰ D. Chao Castro, “la desaparecida iglesia parroquial de S. Pedro de Melide”, ob. cit. pp. 267-278).

⁴¹ T. Sobrado, II, nº 138. El documento trata de la venta de la mitad de una casa entre particulares que se encuentra situada en este lugar.

*maña ben cedo en tal maneira que os romeus et probees que maceren no dito espital et as outras personas que quisieren andar camino que vejan ante o Corpo de Deus*⁴².

Xunto á igrexa de Santa María había, no s. XIV, un hospital de San Lázaro, ao que os franciscanos que levan o Hospital de Sancti Spiritus, do que falaremos

Despois, deberán de dar a partir de 1375 seis pares de zapatos cada ano, como habían estipulado os seus fundadores. Nas inmediacións da igrexa de San Pedro había outro hospital dedicado a pobres e peregrinos do que apenas temos información. López Ferreiro se limita exclusivamente a mencionar o hospital de San Pedro, pero debía de ser anterior ao de Santi Spiritus, porque se cita varias veces no documento de fundación deste último. O vello hospital de S. Pedro resultaría insuficiente para atender aos peregrinos que a finais do XIV chegaban a Melide de aí a necesidade dunha nova fundación hospitalaria.

No tomo de Sobrado non se menciona ningún hospital, pero si a casa de Martino *albergarii*, entre os límites dunha praza que se vende a Sobrado, e que limita tamén co camiño⁴³. A maior parte das fundacións hospitalarias foron obra de institucións, pero tamén outras persoas, a título particular, participan no movemento xeral de creación de hospedarías e de protección do camiño, aínda que, na súa maior parte, acaban engrosando o patrimonio de mosteiros e cabidos catedralicios; este é o caso do hospital de S. Spiritus da vila de Melide.

O Hospital de Sancti Spiritus, creado en 1375, no arranque do camiño de peregrinación procedente de Oviedo, ante a porta da vila e diante da porta do mosteiro do mesmo nome. Os seus fundadores foron o notario Fernán López e a súa esposa, os cales encomendan o coidado do hospital as relixiosas do Convento de Santi Spiritus. Na mesma concesión se nos di que o hospital tiña doce camas nas que dar cama a vinte e catro persoas, pobres e romeiros, dous en cada unha. Doan, ademais, hospital moitos bens coa condición de que se dea sempre aos peregrinos e aos pobres *fogo et camas et albergue et esmola et caridade... et doze paas cada día*⁴⁴. No Catastro de Ensenada se menciona a existencia de “un hospital en esta villa que es para alojar a los peregrinos que vienen al apóstol Santiago, con doce camas, sin que en el se cure de enfermedades”⁴⁵, e, aínda que non di o seu nome, parece responder, polas súas características, ao franciscano.

Melide se converteu durante a Idade Media, nun punto de concentración de peregrinos, o que explica a necesidade de edificacións e os privilexios concedidos.

A importancia que vai adquirindo a vila durante o medioevo mantéñense practicamente ata o s. XVII, cando a diminución do fenómeno das peregrinacións incide negativamente no seu desenrolo.

⁴² Tumbo viejo de S. Spiritus de Mellid, fol. 91; *Galicia Diplomática*, T. III, p. 67; López Ferreiro, *Historia de la Santa Iglesia de Santiago*, vol. VII, pp. 71-72.

⁴³ ...iacet in directo domus que fuit Martín albergarii, ex altera parte camini. T. Sobrado, II, nº 147. Sin fecha pero probablemente del s. XII.

⁴⁴ *Galicia Diplomática*, T. III, p. 67. López Ferreiro, *Historia de la S. Iglesia de Santiago*, T. VII, pp. 72-73.

⁴⁵ AGS-CE-RG-L244-349jpg.

2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

2.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Trazado do Camiño: A Ponte da Pedra, Río Furelos (límite co concello de Toques) - Melide

O trazado do Camiño de Ovedo no concello de Melide transcorre polas parroquias de San Salvador de Abeancos, Santa María dos Ánxeles e San Pedro de Melide.

Tramo A Ponte da Pedra – Melide

O tramo do Camiño que atravesa o concello de Melide o fai sempre por estradas asfaltadas, primeiro pola estrada que une Vilamor (Toques) coa CP-4604 no lugar de O Mascaño, e a continuación por esta ultima ata chegar ao núcleo urbano de Melide.

O Camiño entra no termo municipal de Melide tras cruzar a ponte sobre o río Furelos nunha zona de gran interese paisaxístico no que os elementos dominantes son os prados e a vexetación de ribeira das marxes dos río e dos regos de Irago e Portocovo que conflúen nel nesta zona.

Oitenta metros mais adiante da ponte o Camiño atravesa a ampla canle que abastece o Muíño da Ponte da Pedra.

No tramo entre A Ponte da Pedra e Corutelo destacan as vistas cara ao sueste dos núcleos de Cimadevila e A Eirixe, ca Agras organizadas en socalcos, que baixan pola ladeira do Monte Picón, ata a marxe do río Furelos.

Neste tramo mantense a vista cara ao oeste do castro de Cardelle ou de Vilamor, como un referente na paisaxe cuxa presenza mantense durante un longo treito do Camiño.

Pasado Corutelo a ruta segue por unha zona na que os prados alternan coas plantacións de piñeiros e eucaliptos. O Camiño pasa xunto á necrópole megalítica do Couto, na que se atopan varias mámoas.


O Camiño pasa ao sur da igrexa de San Salvador de Abeancos, e continúa pasando entre os lugares de Compostela e Zaramil, nunha paisaxe chá dominada polos grandes prados e os bosques de carballos e bidueiros.

Ao chegar ao Ribeiro a edificación do núcleo vólvese mais densa para chegar á estrada CP-4604 convertido nun rueiro, con edificación continua de vivendas nas súas marxes e beirarrúas.

A entrada en Melide prodúcese pola estrada CP-4604, tamén provista de beirarrúas, nesta zona forma un rueiro, no que a edificación vaise densificando a medida que nos achegamos ao núcleo urbano.

O Camiño Primitivo entra en Melide pola avenida de Toques e Friol, continúa pola rúa Mateo Segade Bugueiro, atravesa a praza do Convento, e continúa pola rúa Camiño Ovedo e pola rúa Nova, ata cruzarse coa rúa de San Pedro, na que se xunta co Camiño Francés.

2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Trazado do Camiño Primitivo ou de Ovedo e entronque co Camiño Francés

Trazado do Camiño

Trazado do Camiño Francés

A proposta basease no estudo histórico realizado por M^a del Carmen Rodríguez González, no estudo da cartografía histórica e das ortofotos dispoñíbles, en especial as correspondentes ao voo do ano 1956. Así mesmo se tomaron como base de partida as delimitacións realizadas no ano 1997 pola Xunta de Galicia e a que realizou no ano 1993 a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

O trazado proposto do paso do Camiño polo concello de Toques non difire do sinalizado pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo no ano 1993, nin do trazado realizado pola Xunta de Galicia no ano 1997.

3. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

A continuación realízase unha diagnose de estado do Camiño nos seus diferentes tramos en función da súa calidade ambiental, o estado do seu pavimento, as dificultades existentes para o tránsito dos camiñantes e o estado da súa sinalización. Para a descrición máis axeitada das condicións do Camiño en cada zona os tramos nos que se dividiu a traza para a súa descrición divídense a súa vez en subtramos máis pequenos de características máis homoxéneas.

Tramo A Ponte da Pedra – Melide

A Ponte da Pedra – O Ribeiro de Arriba.

A Calidade ambiental do tramo é boa. Ao igual que no concello de Toques a paisaxe caracterízase polos perfís suaves, dominando os grandes prados combinados con fragas, repoboacións de piñeiros e eucaliptos (nesta zona xa máis abundantes pola maior suavidade do clima) e os bosques de galería do entorno dos ríos. Como xa se indicou, cabe sinalar a paisaxe das agras que rodean os núcleos de Cimadevila e A Eirixe, no concello de Toques, visibles entre A Ponte da Pedra e Corutelo. Na medida en que nos achegamos ao Ribeiro de Arriba incrementase a densidade das edificacións en torno ao Camiño, para terminar convertido nunha rúa con edificacións acaroadas e beirarrúas.

O pavimento do tramo é de asfalto en bo estado de conservación.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos.

O trazado atópase ben sinalizado

O Ribeiro de Arriba – Melide.

A Calidade ambiental do tramo é media. A chegada do Camiño de Ovedo ao núcleo urbano de Melide prodúcese pola estrada CP-4604. Nas fincas que daban fronte a esta vía fóronse edificando vivendas, transformando a paisaxe rural orixinal nunha paisaxe suburbana, na que a variedade da tipoloxía das edificacións e dos seus peches así como a disparidade das solucións construtivas e materiais empregados non consegue imprimir ao tramo a unidade necesaria. Á entrada no núcleo urbano a estrada se continúa na avenida de Toques e Friol na que tres edificios sen rematar dende fai tempo supoñen un importante impacto para a calidade ambiental do Camiño. No interior do casco histórico a calidade ambiental mellora considerablemente.

No que respecta ao pavimento do Camiño, o treito que percorre a estrada CP-4604 ten firme de asfalto e conta con unha beirarrúa de baldosas de formigón no seu lado dereito. Dentro do núcleo urbano os treitos que percorren as rúas que levan á Praza do Convento contan con beirarrúas de baldosas de cemento ou de lousas de pedra. A partir da praza o pavimento é de lousas de pedra ou de formigón impreso que imita lastros.


O tramo non presenta dificultades para os peregrinos.

O tramo está sinalizado ata entrada no casco histórico de Melide.

Plano de calidade ambiental do Camiño

No seguinte plano representase mediante un código de cores a avaliación da calidade ambiental de cada un dos tramos do Camiño. Os factores que se tiveron en conta para a realización de dita avaliación foron: a calidade da paisaxe inmediato ao Camiño; a percepción que dende el se ten da paisaxe afastada e o seu nivel de calidade; o arborado e a vexetación vinculada ao Camiño; a calidade das edificacións do seu entorno; o grado de conservación da

configuración tradicional da traza e por último a existencia de elementos ou circunstancias que poidan supoñer un impacto sobre o Camiño ou a súa contorna.



Valoración da calidade ambiental do Camiño Primitivo ou de Ovedo no Concello de Melide

- Moi Boa
- Boa
- Media
- Mala
- Moi mala
- Camiño Francés

4. DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO

Os criterios para a delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño de Ovedo baséanse na necesidade de protexer os elementos vinculados ao Camiño no seu entorno mais próximo. Os valos e taludes que definen os seus límites; a vexetación mais próxima: aliñacións de árbores, bosques autóctonos; os sistemas de cultivos: agras, prados, cos elementos a eles asociados: socalcos, valos, noiros; as construcións tradicionais: vivendas, hórreos, paleiras e construcións adxectivas en xeral, capelas, igrexas, muíños, etc.; os espazos públicos vinculados ao Camiño: espazos comunitarios dos núcleos, campos da festa, carballeiras, atrios das igrexas e, en xeral, calquera outro elemento de valor vinculado á traza do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediato ao camiño e das vistas sobre a paisaxe mais afastada.

Para a realización da delimitación pártese dunha banda a cada lado do Camiño duns cen metros que se adapta en función dos elementos a protexer. En xeral esta delimitación é mais ampla no lado que ten vistas que no lado no que non has ten. A delimitación engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño e as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa o Camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

O perímetro do ámbito de protección sempre segue as liñas reflectidas nos planos do catastro: límites das parcelas, límites de estradas ou camiños, cursos fluviais, etc. Cando as características do parcelario non fan posible este tipo de delimitación utilízanse liñas que unen elementos identificables sobre o terreo, por exemplo a liña trazada entre dúas esquinas dos peches de fincas.

No concello de Melide o ámbito do territorio histórico inclúe zonas das parroquias polas que pasa o Camiño: San Salvador de Abeancos, Santa María dos Ánxeles e San Pedro de Melide.

A continuación descríbense os principais elementos que condicionan a delimitación do ámbito do territorio histórico nos distintos tramos.

Tramo A Ponte de Pedra – Melide

No tramo do Camiño que transcorre entre o límite co concello de Toques, na Ponte da Pedra, e a confluencia co Camiño Francés, no núcleo urbano de Melide, os núcleos cuxa delimitación está comprendida dentro do ámbito do territorio histórico son os seguintes: Ponte da Pedra, Curutelo, Compostela, Zaramil, As Garceiras, O Ribeiro de Arriba, O Forte Vello e A Costiña.

Os xacementos arqueolóxicos cuxos ámbitos de protección foron incorporados á delimitación do territorio histórico do Camiño neste tramo son as mámoas 1 e 3 da necrópole megalítica do Couto.

Dentro do ámbito do territorio histórico atópanse os seguintes exemplos de arquitectura tradicional: os dous muíños e o hórreo situados na Ponte da Pedra, e os hórreos existentes nos núcleos de Compostela, Zaramil, O Ribeiro de Arriba, O Forte Vello.

As edificacións mais destacables dende o punto de vista patrimonial neste tramo son a Igrexa e o Hospital do Sancti Spíritus, a Casa do Concello e a Capela de San Antón, todas no casco urbano de Melide, e xa incluídas no ámbito de protección do Camiño Francés, co que o Camiño de Ovedo entronca neste punto.

Antes de chegar a Melide o Camiño percorre unha paisaxe agraria de perfís suaves e amplas vistas. Os elementos dominantes son os grandes prados entre os que aparecen aliñacións de carballos nos límites entre fincas. Ocasionalmente divísanse zonas cubertas

bosques de caducifolias, fundamentalmente carballos e bidueiros. Tamén pódense ver plantacións puntuais de piñeiros ou eucaliptos.

Son destacables as vistas existentes no tramo comprendido entre a Ponte da Pedra e Corutelo do sistema de agras que rodean os núcleos de Cimadevila, Eirexe e O Verde, situadas no termo municipal de Toques. Dende este tramo tamén pódese divisar o castro de Vilamor ou de Cardelle, mirando cara atrás, que constitúe unha referencia constante no camiño dende a entrada no concello de Toques no cume da Serra do Careón .

5. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO					
Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico					
Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Hórreo en Ponte da Pedra	A Ponte da Pedra	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	Hórreo	583698	4754620
Muíño 1 en Ponte da Pedra	A Ponte da Pedra	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	muíño	583712	4754593
Muíño 2 en Ponte da Pedra	A Ponte da Pedra	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	muíño	583732	4754626
Mámoa 1 da necrópole megalítica do Coto	Compostela	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	lugar funerario	582841	4754200
Mámoa 3 de necrópole megalítica do Coto	Compostela	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	lugar funerario	582717	4754148
Hórreos 1 e 2 da Casa dos Tranbanca	Compostela	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	hórreo	581938	4753921
Hórreos 1 e 2 da Casa dos Tranbanca	Compostela	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	hórreo	581938	4753921
Hórreo en Compostela	Compostela	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	hórreo	581933	4753813
Hórreo 1 en Zaramil	Zaramil	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	hórreo	581778	4753787
Hórreo 2 en Zaramil	Zaramil	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	hórreo	581778	4753771
Hórreo 3 en Zaramil	Zaramil	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	hórreo	581998	4753638
Hórreo 4 en Zaramil	Zaramil	ABEANCOS (SAN SALVADOR)	hórreo	581990	4753570
Fonte en O Campiño	O Campiño	ANXELES (OS) (SANTA MARIA)	fonte	581035	4753249
Hórreo 1 de O Campiño	O Campiño	ANXELES (OS) (SANTA MARIA)	hórreo	581194	4753302
Hórreo 2 en Forte Vello	Forte Vello	ANXELES (OS) (SANTA MARIA)	hórreo	581033	4753225
Hórreo 1 en Forte Vello	Forte Vello	ANXELES (OS) (SANTA MARIA)	hórreo	581001	4753247

6. ANEXO FOTOGRÁFICO



CPCA901001.JPG



CPCA902001.JPG



CPCA902002.JPG



CPCA902003.JPG



CPCA902004.JPG



CPCA902005.JPG



CPCA902006.JPG



CPCA902007.JPG



CPCA903001.JPG



CPCA903002.JPG



CPCA903003.JPG



CPCA904001.JPG



CPCA904002.JPG



CPCA905001.JPG



CPCA905002.JPG



CPCA906001.JPG



CPCA906002.JPG



CPCA906003.JPG



CPCA907001.JPG



CPCA907002.JPG



CPCA907003.JPG



CPCA907004.JPG



CPCA907005.JPG



CPCA907006.JPG



CPCA907007.JPG



CPCA907008.JPG



CPCA907009.JPG



CPCA907010.JPG



CPCA907011.JPG



CPCA907012.JPG



CPCA907013.JPG



CPCA907014.JPG



CPCA907015.JPG



CPCA907016.JPG



CPCA907017.JPG



CPCA907018.JPG



CPCA907019.JPG



CPCA907020.JPG



CPCA908001.JPG



CPCA908002.JPG



CPCA908003.JPG



CPCA908004.JPG



CPCA908005.JPG



CPCA908006.JPG



CPCA908007.JPG



CPCA908008.JPG



CPCA908009.JPG



CPCA908010.JPG



CPCA908011.JPG



CPCA908012.JPG



CPCA908013.JPG



CPCA908014.JPG



CPCA908015.JPG



CPCA908016.JPG



CPCA908017.JPG



CPCA908018.JPG



CPCA908019.JPG



CPCA908020.JPG



CPCA908021.JPG

7. ANEXO PLANOS